



ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA

Apdo.: 414 Pontevedra

apdr@apdr.info

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALICACIÓN AMBIENTAL **Consellería De Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible**

Asunto: **Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto de Acceso a Montecelo. Tramo I: PO-223- AVENIDA DE BUENOS AIRES.**

D. José Benito Andrade González, co DNI nº 35256847 e enderezo en Pontevedra, na Rúa Eduardo Pondal, 39, 1ºH, teléfono 986855292 e enderezo de correo electrónico bandrade@mundo-r.com; como membro da Asociación pola Defensa da Ría (APDR), e no nome de dita asociación, diante da Dirección Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental, durante o período de exposición pública do denominado “Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto de Acceso a Montecelo. Tramo I: PO-223- AVENIDA DE BUENOS AIRES” e con relación ao mesmo desexa facer as seguintes **ALEGACIONES**:

1. NON SE TEN SEGUIDO O PROCEDIMENTO REGULAMENTADO DE TRAMITACIÓN

O procedemento de tramitación do Estudo de Impacto Ambiental está legalmente regulamentado. En efecto, as normas vixentes establecen un protocolo que neste caso se ten desprezado de modo absoluto. A Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que ten como obxecto o establecemento das normas que, no ámbito de competencia da Comunidade Autónoma, configuran o sistema de defensa, protección, conservación e restauración, seu caso, do medio ambiente en Galicia, establece que *“todos los proxectos, obras e actividades que fosen susceptibles de afectar ao medio ambiente deberán de obter unha autorización, e o seu outorgamento deriva de un previo procedemento que determina o órgano da Administración Ambiental, segundo a clasificación do grado de protección aplicable aos mesmos”*. Xa que a obra que se pretende construír inclúe unha estrutura, unha ponte sobre o Río Lérez, que provocaría un forte impacto nun Lugar de Importancia Comunitaria, de acordo co establecido na directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitat naturais e a fauna e flora silvestres, o procedemento previo á autorización que corresponde é a Avaliación de Impacto Ambiental.

O procedemento de tramitación do Estudo de Impacto Ambiental ven regulamentado en Galicia polo Decreto 442/90, e ten por obxecto a obtención da Declaración de Impacto Ambiental, o documento ambiental que, unha vez aprobado, permite continuar coa tramitación do proxecto ao que se refira. O artigo 5 do citado decreto establece a secuencia de actos administrativos para a tramitación do EIA. O primeiro paso é a presentación do Estudo de Impacto Ambiental perante o órgano administrativo en materia de medio ambiente encargado da súa tramitación, actualmente a Dirección

Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que o remita ao órgano sustantivo que se estime procedente por razón de materia, neste caso a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, coa indicación das consellerías, organismos e institucións ás que esta deberá solicitar informes. **A Deputación Provincial de Pontevedra non ten presentado diante do órgano ambiental responsable o Estudo de Impacto Ambiental do proxecto de referencia.**

No parágrafo 2 do citado artigo 5 do Decreto 442/90 se especifica que é o órgano sustantivo, neste caso a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, ao trámite de información pública durante trinta días hábiles. El Estudio de Impacto exporase ao público nas oficinas correspondentes do órgano sustantivo, previo anuncio no «Diario Oficial de Galicia». **O anuncio da información pública do EIA non ten sido publicado no DOG.**

2. O EIA NON ESTUDA ALTERNATIVAS TÉCNICAS VIABLES

En efecto, o Estudio de Impacto Ambiental do Proxecto de Acceso a Montecelo non cumpre os requisitos mínimos que establece o Decreto 442/90 que especificamente indica, no seu artigo 3, que entre os aspectos que, como mínimo, deberá conter o EIA debe figurar *“Un exame de las distintas alternativas técnicamente viables, e unha xustificación de la solución proposta”*. No EIA **non se examina ningunha alternativa**, á única que se cita como Alternativa 0, vai seguida dun texto que non ofrece ningún tipo de información sobre a mesma. Tamén o RDL 1/2008 esixe que no EIA figure *“unha exposición das principais alternativas estudadas y una xustificación de las principais razóns da solución adoptada, tendo en conta los efectos ambientais”* esixencia que neste caso se ten incumprido de forma clara.

3. NON EXISTE UN ESTUDO COMPARATIVO DA SITUACIÓN AMBIENTAL ACTUAL E FUTURA

Dentro do contido que debe figurar dentro do Estudio de Impacto Ambiental debe figurar un inventario ambiental que inclúa un *“estudio comparativo da situación ambiental actual e futura, con e sen a actuación derivada do proxecto obxecto da avaliación, para cada alternativa”* tal e como esixe o Decreto 442/90 de Avaliación de Impacto Ambiental. Neste caso non se analiza máis que unha única alternativa, ademais, para a única analizada, **non se realiza ningún estudio comparando a situación ambiental e futura con e sen a actuación**. Este estudo resulta fundamental de cara a comparar diferentes alternativas pero tamén de cara a poder prever con claridade o cambio que se produciría si a actuación que pretende o proxecto se levara a cabo.

4. CARECE DE DOCUMENTO DE SÍNTESE

O documento de síntese é unha peza fundamental dun Estudio de Impacto Ambiental, así o establece a lexislación en materia de EIA; tanto o Decreto 442/90 que esixe un documento conclusivo para o que establece os apartados de contido e que *“redactarase en termos asequibles á comprensión xeral”* Tamén o RDL 1/2008 determina que o EIA debe incluír un *“resumen do estudio e conclusións en termos facilmente comprensibles”*. O Estudio de Impacto Ambiental de referencia **carece de documento de síntese de ningún tipo**.

5. NON SE ANALIZA A AFECTACIÓN DOS RECURSOS HIDROXEOLOXICOS NA ZONA DE CONSTRUCCIÓN QUE SERÁN GRAVEMENTE DANADOS

O análise da afectación dos recursos hidroxeolóxicos, das augas subterráneas, das que moitos veciños da zona afectada obteñen a auga para uso doméstico é fundamental á hora de valorar os impactos que xurdirían de levarse a cabo o proxecto. Dada a superficialidade e fraxilidade dos niveis de circulación de augas subterráneas, é seguro que se verán afectados de forma severa. Pero a norma esixe que tal estudo se leve a cabo, o Decreto 442/9, concretamente pide unha *“descripción dos materiais a*

utilizar, solo a ocupar, e outros recursos naturais dos que a súa eliminación o afectación se considere necesaria para la execución do proxecto” resultando evidente que dentro destes recursos deben considerarse os niveis de circulación de augas subterráneas. Tamén o RDL 1/2008 o deixa claro cando indica que se debe facer unha “*avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos do proxecto sobre a poboación, la flora, la fauna, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio histórico artístico e o arqueolóxico*” O EIA presentado a exposición pública, sen embargo, **carece de calquera tipo de estudo de afectación dos recursos hidroxeolóxicos.**

6. A EXECUCIÓN DO PROXECTO PROVOCARÍA UN GRAVE IMPACTO NUNHA ZONA PROTEXIDA POLA DIRECTIVA HÁBITAT E DECLARADA ZONA DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS (ZEPVN)

O trazado da obra na zona onde se constrúe unha ponte sobre o Río Lérez, atravesa o Lugar de Importancia Comunitaria catalogado co código ES1140002 que sufrirá un grave impacto ao ser eliminados o ecosistemas que determinaron a súa protección nunha extensa superficie e fragmentalo en dúas subzonas que quedan illadas pola estrutura da ponte.

Mentres que as políticas de conservación de hábitat e especies se orientan á creación de corredores biolóxicos que permitan o paso de individuos se establece neste caso unha barreira para a circulación da fauna entre as dúas zonas nas que o LIC queda fragmentado xa que a suposta permeabilidade para a fauna á que se refire o EIA é claramente ficticia. A realidade é que se produce unha fragmentación dun hábitat que xa posúe dimensións moi reducidas de forma definitiva condenando ao conxunto da zona protexida.

A escaseza de espazos protexidos na zona proporciónalle un especial valor a esta Zona de Especial Protección, valor que se incrementa dado bo estado de conservación no que se atopan os ecosistemas na área afectada pola actuación e a súa riqueza biolóxica. O LIC Río Lérez constituía un importante recurso social, educativo cultural e económico no entorno de Pontevedra que desaparecería si a actuación se levase a término.

9. A EXECUCIÓN DO PROXECTO IMPLICARÍA A DESTRUCCIÓN DE HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO

Tal e como sinala o propio Estudo de Impacto Ambiental, a execución do proxecto implicaría a destrución directa dunha carballeira galaico portuguesa de *Quercus. robur* e *Quercus pirenaica* nunha superficie de 3.548 m² e dun bosque aluvial de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* nunha superficie de 942,5 m² e a afectación dramática a nivel paisaxístico, de contaminación e de ruído dun área aínda maior. Neste sentido o EIA realiza unha valoración subxectiva que non analiza as verdadeiras condicións e o significado ecolóxico destas dúas formacións; o estado de regresión en que se atopan en xeral os sistemas boscosos naturais na zona e en xeral en Galicia fai que o valor dos que persisten en bo estado de conservación sexa inmenso. Non se pode xa que logo considerar o interese ambiental destes hábitats com ALTO como fai o EIA. A singularidade, a rareza e escaseza de ecosistemas boscosos fai que o interese dos que se pretendería destruír deba ser considerado MOI ALTO e polo tanto o impacto a nivel ambiental como crítico. Non se entende que un dos poucos espazos protexidos da zona de Pontevedra, que posúe un importante interese a nivel social polos seus valores de conservación da biodiversidade polo seu interese a nivel educativo e mesmo recreativo, un espazo que posúe ademais un importante potencial económico como fonte de recursos sostibles poda ser destruído para construír unha vía que dado que a superficie protexida na zona de Pontevedra e escasísima facilmente se podería planificar evitando o grave dano ambiental e social que a alternativa proposta provocaría.

7. NON SE TEN AVALIADO A AFECTACIÓN DO ECOSISTEMA FLUVIAL DO RÍO LÉREZ

A influencia tanto das obras de construción da ponte sobre o río como da estrada construída e da ponte no sistema fluvial provocaría un dano moito máis grave do que se pretende no EIA. En primeiro lugar, dadas as condicións de pendente e probabilidade de precipitacións e dada a necesidade de realizar movementos de terras en zona de pendente cabe prever graves procesos erosivos e a entrada no río dunha grande cantidade de materiais arrastrados que alterarán por completo as características físico-químicas das augas provocando un severo impacto ambiental. As medidas de corrección que se propoñen no EIA resultan a todas luces fantasiosas e de ningún modo minorarían o grave impacto que se provocaría na fase de construción no sistema natural do Río Lérez dende a zona de construción e augas abaixo.

Por outro lado, por constituír o río un ecosistema no que a pirámide trófica está basicamente construída sobre detritos, a eliminación da vexetación provocaría unha drástica redución da materia orgánica dispoñible nas redes tróficas o que suporía un empobrecemento das mesmas, unha merma na cantidade de organismos e unha perda de diversidade.

7. NON SE TEN AVALIADO CORRECTAMENTE O IMPACTO PAISAXÍSTICO

A avaliación do impacto na paisaxe que contén o EIA falsea a realidade coa intención de facer aparecer o impacto na paisaxe como reducido cando en realidade o conxunto da obra provocará un impacto crítico. É evidente que so se pode considerar a calidade visual da zona que pretende atravesar a obra como media si se pretende falsear a realidade. A zona que atravesa o proxecto inclúe dúas das formacións vexetales mellor conservadas da provincia e que constitúe un espazo protexido; a morfoloxía que define as liñas que estruturan é tamén extraordinariamente singular, trátase dun val fluvial encaixonado cerca da desembocadura, esta rareza e riqueza textural converten a zona afectada polo proxecto nunha paisaxe dun grande valor e de altísima calidade visual. Tampouco se debe esquecer o valor cultural de cara a avaliar non solo a paisaxe dende o punto de vista ecolóxico senón tamén dende un punto de vista perceptivo máis amplo, o da paisaxe cultural; neste sentido o tramo do río que sería salvado pola ponte posúe unha rica cultura de usos e valores que abundan na altísima calidade paisaxística do entorno do Río Lérez, paisaxe que pretende destruírse.

No relativo á fragilidade visual o EIA resulta aínda máis enganoso e non atende a unha cualificación razoable baseada na metodoloxía de avaliación da mesma. Elementos da paisaxe como as pendentes do val encaixonado do río, a presenza de vexetación arbórea que é necesario eliminar, a morfoloxía do trazado da canle na zona e o bo estado de conservación no que se atopa fan que a fragilidade da paisaxe sexa moi elevada.

A construción da infraestrutura proxectada de acordo co proxecto implicaría xa que logo un impacto crítico a nivel paisaxístico e unha dramática perda da súa calidade.

8. NON SE TEN AVALIADO CORRECTAMENTE A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA ASOCIADA AO PROXECTO

As estimacións de niveis de ruído e as molestias que estes suporán para os habitantes da zona e para os sistemas naturais non está debidamente realizada nin xustamente valorada. En realidade os niveis de ruído implicarán severas molestias para os habitantes da zona que se verán escasamente reducidas polo apantallamento sonoro que se pretende realizar. Nas áreas máis poboadas, a perda de calidade de vida asociada aos ruídos procedentes da vía, será moi importante e o impacto da contaminación acústica será crítico.

10. A EXECUCIÓN DO PROXECTO PORÍA EN PERIGO O HÁBITAT DE NUMEROSAS ESPECIES PROTEXIDAS

A construción da obra proxectada provocará a desaparición na zona de, polo menos, 57 especies protexidas que figuran en diversas listas de especies ameazadas, tal e como se pode comprobar no cadro que figura a continuación.

A conservación da biodiversidade é na actualidade un dos principais obxectivos das políticas ambientais en todo o planeta e unha das necesidades máis urxentes das políticas de conservación. O patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación coa la saúde e o benestar das persoas, e pola súa aportación ao desenvolvemento social e económico. A nivel europeo, a Comunicación da Comisión das Comunidades Europeas, COM (2006) 216, aprobada en maio de 2006, abordou os correspondentes instrumentos para «*Deter a perda de biodiversidade para 2010 y, máis adiante, respaldar os servizos de los ecosistemas para o benestar humano*» que identificarán e, na medida de lo posible, eliminarán ou modificarán los incentivos contrarios a la conservación del patrimonio natural e a biodiversidade.

Non cabe dúbida de que a dramática agresión á biodiversidade que suporía a realización do proxecto de referencia non pode ser tolerada no marco das políticas de conservación que a Unión Europea, o Estado Español e Galicia se ten proposto. Esta agresión é por si soa unha razón de peso para que a obra de construción do Acceso a Montecelo non se leve a cabo tal e como se planifica no Proxecto.

ESPECIES PRESENTES NO LIC RÍO LÉREZ	DIRECTIVA HÁBITAT/ DIRECTIVA AVES	LEI DO PATRIMONIO NATURAL E A BIODIVERSIDADE	CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS
Moluscos:			
<i>Elona quimperiana</i>			
Insectos:			
<i>Coenagrion mercuriale</i>			
<i>Oxigastrea curtisii</i>			
<i>Lucanus cervus</i>			
<i>Cerambyx cerdo</i>			
Peixes			
<i>Salmo salar</i>			
<i>Chondrostoma polylepis</i>			
<i>Rutilus arcasii</i>			
<i>Petromyzon marinus</i>			
Anfibios			
<i>Chioglossa lusitanica</i>			
Réptiles			
<i>Lacerta schreiberii</i>			
Aves			
<i>Milvus milvus</i>			
<i>Buteo buteo</i>			
<i>Pernis apivorus</i>			
<i>Circus pygargus</i>			
<i>Accipiter gentilis</i>			
<i>Accipiter nisus</i>			
<i>Falco tinnunculus</i>			

<i>Falco subbuteo</i>			
<i>Falco peregrinus</i>			
<i>Bubo bubo</i>			
<i>Athene noctua</i>			
<i>Tyto alba</i>			
<i>Asio otus</i>			
<i>Strix aluco</i>			
<i>Otus scops</i>			
<i>Caprimulgus europaeus</i>			
<i>Lullula arborea</i>			
<i>Upupa epops</i>			
<i>Anthus pratensis</i>			
<i>Lanius excubitor</i>			
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>			
<i>Motacilla flava</i>			
<i>Carduelis spinus</i>			
<i>Luscinia svecica</i>			
<i>Aegithalos caudatus</i>			
<i>Certhia brachydactyla</i>			
<i>Cuculus canorus</i>			
<i>Riparia riparia</i>			
<i>Hippolais polyglotta</i>			
<i>Sylvia undata</i>			
<i>Dendrocopos major</i>			
<i>Oriolus oriolus</i>			
<i>Lanius collurio</i>			
<i>Anas platyrhynchos</i>			
<i>Ardea cinerea</i>			
<i>Oriolus oriolus</i>			
<i>Alcedo atthis</i>			
<i>Cinclus cinclus</i>			
Mamíferos			
<i>Galemys pyrenaicus</i>			
<i>Lutra lutra</i>			
<i>Rhinolophus hipposideros</i>			
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>			
<i>Myotis myotis</i>			
Plantas			
<i>Ruscus aculeatus</i>			
<i>Ilex aquifolium</i>			
<i>Narcissus cyclamineus</i>			

11. A CONSTRUCCIÓN DA OBRA SUPORÍA UNHA IMPORTANTE PERDA DE CALIDADE DE VIDA PARA OS HABITANTES DA ZONA

A construción do Acceso que figura no proxecto suporá unha importante perda de calidade de vida para os habitantes das proximidades da zona de construción; tal e como se ten analizado, a contaminación acústica que provocará a vía, a afectación dos recursos hidroxeolóxicos, a desaparición da paisaxe natural e cultural provocará unha degradación da zona que afectará de modo severo ás condicións de vida dos habitantes da zona e a perda dunha zona de grande interese para os mesmos.

De ningún modo se compensarían as perdas o suposto interese público da obra; os impactos son irreversibles e a magnitude do dano non se poden comparar cos beneficios dunha actuación que por outra parte se podería proxectar evitando os danos que, de acordo co proxecto descrito no EIA, se provocaría.

Xa que logo, á vista das alegacións presentadas, a Asociación Pola Defensa da Ría solicita,

Que se admitan as alegacións que figuran no presente escrito e que se lle de o trámite que corresponda.

Que se rexeite o estudo de impacto ambiental polas súas deficiencias de tramitación e de contido tal e como se sinalan no presente escrito de alegacións.

Que se de por finalizada a tramitación do Proxecto de Acceso a Montecelo. Tramo I: PO-223- AVENIDA DE BUENOS AIRES dado o grave impacto ambiental que provocaría a súa execución.

Pontevedra, 27 de outubro de 2008

Asdo.: Benito Andrade, membro da APDR